

## EXTRA!

Texto e música de **PACO NOGUEIRAS**

Ilustracións de **MARC TAEGER**

Encadernado en cartón. 16 x 16 cm. 48 páx. 20 €.

Contén xornal encartado.

ISBN 978-84-1343-051-5. Libro-disco.

*Extra xa está aquí, é o teu xornal.*

*As novas máis curiosas, sucesos especiais.*

*Os temas máis diversos podes coñecer,*


*os feitos máis recentes. Non os debes perder!*

«Extra!» é a nova obra de Paco Nogueiras logo de «Radio Bulebule» e de «Brinca vai!» (III Premio Martín Códax da Música - Infantil) que, trala súa publicación deron lugar a varios espectáculos cos que o compositor e intérprete percorreu festivais, escenarios e escolas de toda Galicia. O autor volve recuncar nos medios de comunicación -nesta ocasión, a prensa escrita- coas 12 cancións deste novo libro-disco ilustrado por Marc Taeger que, ademais, conta co apoio dos videoclips dirixidos por José Miguel Sagüillo.

Os temas dispóñense como nun xornal con distintas seccións onde cada composición aborda noticias nacionais e internacionais, sucesos, información social, cultural e divulgativa, deportes, opinión, pasatempos e ata unha axenda de actividades. Fiel á frescura do seu estilo e á súa conexión co público infantil, o autor coída as letras das composicións e as melodías, que destacan polos ritmos modernos, pegadizos e bailables, invitando á participación do público.

Marc Taeger desdobra a figura de Paco Nogueiras en numerosas e divertidas facetas, cheas de colorido, dinamismo e expresividade. Sempre cos seus característicos lentes e co inseparable chapeu azul, o protagonista convértese en repartidor e lector de periódicos, nun entusiasta cronista do mundo, ao ritmo da música.

Porque a prensa é un valioso recurso na escola e no fogar para animar á escrita, á plástica creativa, para desenvolver habilidades lectoras, a curiosidade e a imaxinación, dinamizar a socialización e o traballo en equipo, os coñecementos tecnolóxicos... este traballo destaca pola súa versatilidade e o seu carácter lúdico.



- **Temática:** libro-cd con cancións; prensa escrita, prensa lúdica; humor, diversión.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** inclúe xornal con pasatempos; medios de comunicación, xornais, expresión escrita, documentación, tecnoloxía; QR con videoclips en KALANDRAKA TV; do creador de «[Brinca vai!](#)» e «[Radio Bulebule!](#)»; do ilustrador de «[Tic-tac](#)», «[Aguiles o puntiño](#)», «[Garavanciño](#)», «[A verdadeira historia de Carapuchiña](#)», «[Un máis](#)», «[Elefante comellón](#)», «[Artur](#)» e «[Ciudades](#)» (KALANDRAKA).

### Paco Nogueiras

(Santiago de Compostela, 1970)

Diplomado en Graduado Social, músico e actor. Tras formarse cos artistas Andrés Pazos e Fabio Mangolini, impartiu clases de teatro e dirixiu representacións en entidades culturais e escolas. Foi actor e percusionista de Els Comediants e Os Quinquilláns. Participou en formacións de música tradicional e foi creador da banda sonora de espectáculos teatrais, musicais, de danza e dunha serie infantil da TVG. Ten colaborado con Ophiusa e co proxecto Apego.

<https://paconogueiras.com>

### Marc Taeger

(Berna, 1963)

Estudou deseño gráfico en Barcelona. Afincado en Galicia, traballa como ilustrador e deseñador, con especialidade en animación, pintura, mural, escultura e arte gráfica. Expuxo a súa obra en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia e Costa Rica. Recibiu o Premio Daniel Gil 2005 polas ilustracións e deseño en «A verdadeira historia de Carapuchiña» (KALANDRAKA), adaptada tamén con pictogramas para a colección *Makakiños*. Seguironlle os álbums «Aguiles o puntiño», «Elefante comellón», «Garavanciño», «Artur», «Un máis», o libro-disco «Tic-tac» e o poemario «Ciudades».

<http://www.marquski.com>